



“Da terra vixiante
centinela, desperto
de cote para ollar cara o deserto
líquido e pavoroso que ten diante;
índice occidental forte e barudo,
dedo o mais longo da galega man;
soberbo promontorio, monte rudo:
CABO TOURIÑÁN!”

Poema “Tourinán”, *Nemancos* (1929)

“...pinta unha paisaxe da costa brava galega. Nos seus poemas hai un rouco acento pondalián, unha forza seria e un pouco tristenta, anque serea. Ten fermosas visións, de certo xeito descritivo, da costa de Muxía onde vive; visións de mar bretemoso, cheas de seu ulido salobre.”

Francisco Fernández del Riego sobre Gonzalo López Abente no discurso de entrada na Real Academia Galega en 1960

GONZALO LÓPEZ ABENTE

(Muxía, 1878 – 1963)

Foi un escritor, poeta, dramaturgo, xornalista e activista cultural. Estudou Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, aínda que sempre traballou na banca. Pertenceu aos movementos culturais máis importantes do seu tempo e formou parte das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos, ademais de ser presidente da Asociación de Escritores de Galicia e colaborar en numerosos xornais e revistas. Coñecido como un dos poetas do mar, toda a súa obra está influenciada pola Costa da Morte.

GRANDES ÉXITOS



1919

O deputado por veiramar (1919) é unha novela curta coa que gañou o premio de Literatura de *A Nosa Terra*. Nesta obra, o autor trata con certa comicidade a política e as súas consecuencias na sociedade, reflectida na vida dun deputado.

Nemancos (1928) é un libro de poemas que ten como protagonista o mar e a terra de Nemancos (Dumbría, Muxía, Cee e Fisterra), a última obra antes da guerra e da represión que sufriu o autor, que non volvería publicar ata 1958.



1929

Outras das súas obras son *Escumas da ribeira* (1911), *María Rosa* (1921) e *Centileos nas ondas* (1958).

